

Ramon Guillem

DESEXO QUE SEMPRE MORRE

Que os deus me perdoen.

Dende agora, agosto de non sei que ano,
xuro consagrar a miña vida
á beleza. Labrar co orballo
os cantos dos diamantes,
e beber, cando os ollos se perden no abismo,
do cáliz máis ateigado, a vida máis profunda,
pingas no coitelo.

Vexo, continuamente, dos amantes caer
os pétalos que un día das ruínas
escolleron, a herba que abrazaba
un camiño entre as pedras, aquilo que inxenuos
chamaron eterno.

Ese é o desexo que sempre morre.

A historia duns beizos,
o soño dunha luz.

Eu, con todo, chámolle beleza.

E escollo este oficio
de afiador de palabras,
de feiticeiros, de magos, de tolos estraños.
E escribo e reescribo o mesmo poema,
e cometo sacrilexio e ofrendo culto
a todo aquilo que sempre morre,
un cicel á orella,
onda que rompe no teu corpo.

Que os deus me perdoen

UN SILENCIO

Hai unha parte de min que non é miña
como hai un verso rachado que non me pertence,
un ritmo que non axusta, unha sílaba
que sempre é un misterio.

Un corazón

que as lúas agochan, unha mirada ignota
que o espello non me sabe volver, un sol esmorecido.

Un vieiro que os meus pés estraga,
Unha balsa que en regueiro embarranca,
este ouveo que os lobos recoñecen.

Un silencio.

SANGUE NECESARIO

Se toda a carne é coma a herba,
se cae a flor preñada de orballo,
amor, dáme o sangue necesario,
zúgame o frío do mesmo cerne dos ósos,
a ferida de xeo que á terra me achega.

Arrepío que non entendo, mar
tan de súpeto irado
que esnaquiza o barco
varado na baía máis oculta.

Vento solar entre os ballóns de abril,
refacho que ergues remuíños de po
para cegar a nosa mirada
camiño aceso de cal vivo.

BRASAS

Chega a noite: cortadas por nubes de feluxe
desángranse as veas do día.
E, malia iso, un reflexo aceso,
fuxindo entre os raios derradeiros,
tradéanos a mirada, de fiestra
en fiestra, coma unha brasa.
Estou canso da morte.
Da botella perdida no océano sen acougo.
Que non quero crer en ataúdes brancos,
nin nos beizos acedos do pomelo,
en rosa ningunha de espiña secreta.
Hai tantas ás
nas pólas do sol !

SUITE 156

Picasso

Hai un home detrás dun corpo. Que olla o amor, cantil da nudez. Hai o perfil do ollo e o frenético deseño da cuncha, a espera inerte, os sons da danza. Hai unha frecha sen destino, un río de sangue fóra das veas. Hai o máis branco silencio enchido de ledicia: Esta man é a túa man, únxeme os dedos co aceite salvaxe, dixérasme, entre cadro e cadro. Hai o pequeno sol do cu, a herba húmida das mañás, o caracol das mamilas. Hai a auga, insolente e fría, coma unha trampa. Hai a mirada fixa da agulla. Hai o sorriso do sexo: Ás veces é difícil ignorar a luz, díxenche, buscando o imprevisíbel. Hai unha forza que esburaca os límites.

CIDADE

Mira: é a cidade de Pessoa. Ten moitos ollos, tantas cidades nela coma ollos teñen todos os homes que a escribiron. Tantos ollos coma o amor. Tantas fiestras, tantas rúas estreitas, tan amplas avenidas, tantas murallas fendidas. As cidades –a cidade- son o enigma e a evidencia, a ledicia e a tristura, o demo cego da dúbida: no cruce unha rúa ou outra, a beirarrúa da dereita ou a da esquerda, coma o corazón baleiro da casa afeitada a derruírse amodo, sen rehabilitación posíbel. Unha alma finxida, un soto húmido, un parque vizoso, unha cantiga oculta: unha paisaxe construída con ladrillos de devezo e de soño.

CORES

De que cor é esta verba? É neve. É da cor do sexo. Que cor ten o sexo? Branco, nel collen todas as liñas. Un corpo só é un val estéril: o teu corpo é un campo fértil.

De que cor é a alma? É porosa. Ten a voz da esponxa. Que cor ten a esponxa? É vasta, nela cabe o horizonte todo. Un corazón só é un mar deserto: o teu corazón é unha ribeira poboada.

Non existen as cores. Só a súa aparencia. Non hai vermello nin verde nin mancha ningunha

vestida de amarelo. Non hai negro, senón o dó da caricia. Só hai unha luz, intensa e obstinada.
A túa luz é a áncora do sol na retina.

CAMAS

Esta cama xa non é miña.
É un inmenso glaciador que cae e cae.
Un barco fantasma, a ferruxe dunha áncora
entre argazos, un iceberg á espreita.
É un deserto, de paxaros mortos,
sedento, un areal interminábel
de dunas e dunas, escuro, sen sol.
Un ollo sen espello onde mirarse.

Xa non sei durmir, descoñezo o reloxo
e a gabeta tan baleira da cómoda,
non sei que facer con tanta roupa
triste, sen corpo para prender,
xa non sei espertar
se non vexo o abrete
da pel insólita.

A miña cama é a túa.
É a noite que sempre recomeza,
o colar de lume que desenfíu,
a espera na ribeira.
É o sol cativo
que entra de esguello
polos listóns da persiana.
O silencio dos ollos,
tan feliz coma o bafo
da lúa no vidro.

Agora, só sei espertar
entre as follas da fraga
de fértil tacto.

Que importa daquela
Todo aquel tempo de pozo mesto
Que quixo existir sen nós.

BRUMA

Vagarosa bruma
de chumbo fundido
no ar. O serán
arde no monótono canto
das chicharras.
Todo o silencio
é un ferro candente
O vento esnaquiza
entre o verde difuso das árbores
coma un espectro do prodixio
que en pequenas frangullas
a paz nos dá.
É unha sombra serena e fría

a voz da auga
que os outeiros do sol salta
e con ledicia de sal nos acubilla.

Como a sorpresa do amor,
Atrás da montaña ríspeta
a dentada azul do mar.

(de Celebració de la mirada)

DESIG QUE SEMPRES MOR

Que els déus em perdonen.

Des d'ara, agost de no sé quin any,
jure consagrar la meua vida
a la bellesa. Cisellar amb rou
les arestes dels diamants,
i beure, quan els ulls es perden a l'abís,
del calze més reblert, la vida més pregona,
degotim al coltell.

Veig, contínuament, dels amants caure
els pètals que un jorn de les ruïnes
escolliren, l'herba que abraçava
un camí entre les pedres, allò que ingenus
van dir etern.

Aqueix és el desig que sempre mor.

La història d'uns llavis,
el somni d'una llum.

Jo, no obstant això, li dic bellesa.

I escull aquest ofici
d'esmoladors de paraules,
de fetillers, de mags, d'estranyys bojós.

I escric i reescric el mateix poema,
i comet sacrilegi i ofrene culte
a tot allò que sempre ha mort,
un circell a l'orella,
ona que romp en el teu cos.

Que els déus em perdonen.

UN SILENCI

Hi ha una part de mi que no és meua
com hi ha un vers trencat que no em pertany,
un ritme que no acobla, una síl·laba
que sempre és misteri.

Un cor
que les llunes amaguen, una mirada ignota
que l'espill no sap retornar-me, un sol debolit.
Un viarany que els meus peus destrossa,
un rai que en rierol s'embarranca,
aquest udol que els llops reconeixen.
Un silenci.

SANG NECESSÀRIA

Si tota la carn és com l'herba,

si cau la flor prenyada de ruixim,
amor, dóna'm la sang necessària,
xucla'm el fred del moll dels ossos,
la ferida de gel que a la terra m'atansa.
Calfred que no entenc, mar
tan de sobte irada
que destrossa el vaixell
varat en la cala més oculta.
Vent solar entre els xàfeces d'abril,
ventúria que alces terbolins de pols
per encegar-nos la mirada,
camí encés de calç viva.

BRASES

Ve la nit: tallades per núvols de sutze
ara es dessagnen les venes del dia.
I, tanmateix, un reflex encés,
fugint-ne entre els raigs darrers,
ens trepa la mirada, de finestra
en finestra, com una brasa.
M'he cansat de la mort.
De l'ampolla perduda en l'inquiet oceà.
Que no vull creure en taüts blancs,
ni en els llavis agres de l'aranja,
en cap rosa d'espina secreta.
Hi ha tantes ales
en les branques del sol!

SUITE 156

Picasso

Hi ha un home darrere d'un cos.
Que mira l'amor, l'espadat de la nuesa. Hi
ha el perfil de l'ull i el frenètic dibuix de la
carculla, l'espera inerm, els sons de la
dansa. Hi ha una fletxa sense destí, un riu de
sang fora de les venes. Hi ha el més blanc
silenci reblert d'alegria: Aquesta mà és la teua,
unta'm els dits de l'oli feréstec, vas dir-me, entre
quadre i quadre. Hi ha el petit sol de l'anus,
l'herba humida dels matins, el caragol dels
mugrons. Hi ha l'aigua, insolent i freda,
com un parany. Hi ha la mirada fixa de
l'agulla. Hi ha el somriure del sexe: De
vegades és difícil ignorar la llum, vaig dir-te,
cercant l'imprevisible. Hi ha un braó que
trepana els límits.

CIUTAT

Mira: és la ciutat de Pessoa. Té
molts ulls, tantes ciutats dins d'ella com ulls
tenen tots els homes que l'han escrita. Tants
ulls com l'amor. Tantes finestres, tants
carrers estrets, tan amples avingudes, tantes
muralles esventrades. Les ciutats –la
ciutat– són l'enigma i l'evidència, la joia i la
tristesa, el diable cec del dubte: en la cruïlla

un carrer o un altre, la vorera de la dreta o la de l'esquerra, com el cor vell de la casa acostumada lentament a esfondrar-se, sense rehabilitació possible. Una ànima fingida, un humit soterrani, un parc frondós, una cançó oculta: un paisatge bastit amb maons de defici i de somni.

COLORS

De quin color és aquest mot? És neu. És del color del sexe. Quin color té el sexe? Blanc, hi caben totes les línies. Un cos sol és una vall eixorca: el teu cos és un camp fèrtil.

De quin color és l'ànima? És porós. Té la veu de l'esponja. Quin color té l'esponja? És vast, hi cap tot l'horitzó. Un cor sol és un mar desert: el teu cor és una riba poblada.

No existeixen els colors. Només la seua aparença. No hi ha roig ni verd ni cap taca vestida de groc. No hi ha negre, sinó el dol de la carícia. Només hi ha una llum, intensa i obstinada. La teua llum és l'àncora del sol en la retina.

LLITS

Aquest llit ja no és meu.
És una immensa glacera que cau i cau.
Un vaixell fantasma, el rovell d'una àncora entre sargassos, un iceberg a l'aguait.
És un desert, d'ocells morts, sedegós, un sorral interminable de dunes i dunes, fosc, sense sol.
Un ull sense espill on mirar-s'hi.

Ja no sé dormir, desconec el rellotge i el calaix tan buit de la còmoda, no sé què fer amb tanta roba trista, sense cos per encendre, ja no sé despertar-me si no hi veig l'alba de la pell insòlita.

El meu llit és el teu.
És la nit que sempre recomença, el collar del foc que desenfile, l'espera en el ribatge.
És el sol petit que entra d'esquitllentes pels llistons de la persiana.
El silenci dels ulls, tan feliç com el baf de la lluna en el vidre.

Ara, sols sé despertar-me

entre les fulles del bosc
de fètil tacte.

Què importa aleshores
tot aquell temps de pou fondo
que volgué existir sense nosaltres.

CALIMA

Lenta calima
de plom fos
en l'aire. La vesprada
crema en el monòton cant
de les xitxarres.
Tot el silenci
és un ferro roent.
El vent s'esquartera
entre el verd difús dels arbres
com un espectre del prodigi
que a petites engrunes
la pau ens dóna.
És una ombra serena i freda
la veu de l'aigua
que els turons del sol salta
i amb delit de sal ens agombola.

Com la sorpresa de l'amor,
al darrere de la muntanya esquerpa
el mos blau del mar.

(de Celebració de la mirada)